

GRAO EN LINGUA E LITERATURA GALEGAS

*O léxico dispoñible do
galego. Análise descritiva
e comparativa do
vocabulario dos nenos
galegos*

Traballo de fin de grao

Alumna: Leticia López Pérez

Directora: María Álvarez de la Granja

Curso 2012-2013



FACULTADE DE FILOLOXÍA

GRAO EN LINGUA E LITERATURA GALEGAS

*O léxico dispoñible do galego. Análise
descritiva e comparativa do vocabulario dos
nenos galegos*

Traballo de fin de grao

Alumna: Leticia López Pérez

Directora: María Álvarez de la Granja

Curso 2012-2013

AGRADECEMENTOS

Antes de entrar en materia e desenvolver o tema que aquí me ocupa, gustaríame dedicar este apartado a aquelas persoas que percorreron todo este traxecto comigo, dende a selección do tema do TFG ata este resultado final. Porque a elaboración deste traballo non é mérito só meu, xa que houbo moitas persoas ao meu carón acompañándome durante todo o camiño. Houbo xente que participou máis activamente e outra dun xeito máis pasivo, pero todas aportaron o seu grao de area para que eu puidera desenvolver este proxecto.

Primeiro de todo, estou nunha gran débeda cos directores dos catro centros escolares que se prestaron para participar no meu traballo. Foron: o CEIP Couceiro Freijomil (Pontedeume), o CPI Virxe da Cela (Monfero), o CEIP Francisco Vales Villamarín (Betanzos), e especialmente o CPI Castro Baxoi (Miño), porque foi aquí onde eu inicié a miña andaina académica, e foi aquí onde espertaron en min o interese e a curiosidade polo saber, e tamén foi aquí onde me transmitiron o respecto e admiración pola miña cultura, polo meu país, pola miña tradición e pola miña lingua. Así é que o equipo de profesorado do Castro Baxoi que dende o '94 ata o 2007 me instruíu, é, en parte, responsable de que hoxe estea escribindo en e sobre a miña lingua. Por iso, significou tanto para min que aceptaran colaborar e que me trataran con tanto cariño e respecto. E dende logo, agradecer tamén aos alumnos de 6º de primaria de cada un dos catro centros pola actitude comprometida e entregada que tiveron cara a tarefa que eu lles encomendei.

Considero que outro pilar básico na elaboración deste traballo o constitúe a miña directora María Álvarez de la Granja. Non só foi unha profesora que me fixo apreciar esta rama da lingua, non só foi unha das poucas profesoras que tiveron que me transmitiu con paixón coñecementos, senón que ademais foi unha gran directora. A súa profesionalidade foi a clave para sacar este proxecto adiante. Traballou tanto ou máis ca min para que isto saíra ben e estivo dispoñible para min e para os meus atrancos as vinte e catro horas de tódolos días da semana. Durante todos estes meses animoume cando me vía frouxa ou baixa de ánimos, e tamén me axudou a avanzar no traballo cando tiña azos; sen esquecer, claro está, a paciencia que tivo comigo e as miñas “pájaras”. Despois de tanto tempo traballando con ela sinto que xa non é só a miña profesora, vai ser certo que o roce fai o cariño. Estoulle enormemente agradecida pola súa dedicación e o gran esforzo que fixo para axudarme a que isto saíra o mellor posible. Mil e mil veces máis, grazas Maruxa.

Grazas tamén ao profesor Guillermo Rojo pola súa axuda á hora de levar a cabo a lematización. Sen a súa colaboración o traballo tornaríase máis dificultoso e prolongado, poñendo en risco a inviabilidade da súa realización por mor dos límites temporais e espaciais.

E por último, acordarme tamén daquelas persoas que estiveron comigo durante todo este proceso dándome apoio e ánimo. Estiveron pendentes dende o momento inicial, pero

non só isto é merecente de gratitude, tamén o é a súa paciencia e comprensión durante estes últimos meses. Incluío neste grupo a compañeiros, amigos e familia.

1. INTRODUCCIÓN

Para coñecer os inicios dos estudos sobre léxico dispoñible debemos remontarnos aos anos 50. Naceron en Francia co fin de contribuír á descrición do vocabulario común do francés. Nestes comezos

Los trabajos utilizaban la frecuencia como factor de selección del léxico, ya que se consideraba que los términos más frecuentes eran los más pertinentes y por tanto aquellos a los que se debería priorizar para establecer el *Français Élémentaire* (López Meirama 2008: 9).

Polo tanto, as unidades léxicas eran clasificadas de acordo coa súa maior ou menor ocorrencia nos textos. Isto levou a unha deficiencia: as listaxes só reflectían palabras xerais e/ou gramaticais, pero non daban conta daquelas cun contido semántico máis concreto e igualmente moi coñecidas e empregadas polos falantes. É dicir, que as palabras temáticas (as dependentes dun tema do discurso) non acadaban a estabilidade estatística das xerais.

En reacción a esta deficiencia, comezouse a traballar cunha nova variable, a chamada ‘dispersión’. O que isto supuxo foi a división do léxico en ámbitos temáticos, para dar paso ao estudo da dispoñibilidade léxica e abandonar as clásicas listaxes de frecuencia de palabras xerais.

Segundo López Morales (1999), foi Michéa (1953) o primeiro en falar das “palabras frecuentes” (aquelas moi presentes nos corpus) e das “palabras dispoñibles” (aquelas pouco estables nas listaxes de frecuencias, pero moi presentes nas listaxes froito de estímulos temáticos) como dous obxectos de estudo diferentes. Así, segundo el, a dispoñibilidade léxica pasaría a entenderse como “o caudal léxico utilizable nunha situación comunicativa dada”.

Lo que subyace a esta afirmación es que existe en el lexicón mental una serie de términos que no se actualizan a menos que sea necesario para comunicar una información muy específica. Se trata de un léxico 'disponible', cuyo estudio no puede emprenderse manejando frecuencias, porque este factor es pertinente solo en el caso de las actualizaciones léxicas efectivas, no de las potenciales (López Morales 1999: 11)

Tendo en conta este novo enfoque, os estudos pasaron a recoller o léxico atendendo a determinados estímulos temáticos, chamados *centros de interese*. A partir destes, os suxeitos crean listaxes que conteñen unidades léxicas que eles asocian co tema do centro en cuestión.

No ámbito hispánico, o pioneiro en poñer en práctica estes estudos foi López Morales, quen traballou con suxeitos portorriqueños en idade de escolarización. O seu primeiro traballo foi editado en 1973. Pero este lingüista destaca, sobre todo, por ser o coordinador do Proxecto panhispánico, mediante o cal se pretende elaborar un

dicionario de léxico dispoñible do español que recolla a norma léxica a partir do vocabulario achegado por estudantes de 2º de bacharelato.

Dentro deste proxecto é destacable o labor que, en 2008, López Meirama fixo na nosa comunidade: o *Léxico dispoñible en el español de Galicia* (LDEG). E digo que é destacable porque estudar o léxico dispoñible do español en terras galegas impulsou que se fixera o mesmo estudo para o galego. O froito foi o *Léxico dispoñible do galego* (LDG) (López Meirama / Álvarez de la Granja: en prensa), que bebeu directamente do LDEG, co fin de poder establecer cotexos.

Ambos os dous léxicos dispoñibles, en especial o LDG, son referencia fundamental para a elaboración deste traballo, cuxos obxectivos expoño a continuación.

2. OBXECTIVOS

O obxectivo deste traballo é analizar o léxico dispoñible de alumnos galegos de 6º de educación primaria correspondente ao centro de interese ‘Os xogos e as distraccións’ xa estudado, xunto a outros dezasete, en López Meirama / Álvarez de la Granja (en prensa).

Despois de facer as correspondentes enquisas (na zona de confrontación das comarcas do Eume e Betanzos), editar os datos e vertelos nunha aplicación xa existente e deseñada ao efecto, pretendo describir os datos atopados e comparar os resultados cos obtidos nas enquisas dos alumnos preuniversitarios.

Previamente, no punto 3 presentarei os aspectos metodolóxicos do traballo: explicarei o modelo de enquisa adoptado para as entrevistas e o CI seleccionado (§ 3.1) e tamén describirei a mostra empregada no estudo e as variables de estratificación social tidas en conta (§ 3.2). Dentro deste último apartado incluirei unha descrición da lingua habitual dos informantes en función de diferentes variables sociais. Xa no apartado 3.3 presentarei os criterios fundamentais de edición, abordando tanto os relativos á eliminación e conservación de formas como á lematización. A presentación dos aspectos metodolóxicos dará paso á análise dos datos, que se abrirá cunha breve explicación das particularidades temáticas do CI co que traballei (§ 4.1). A seguir, levarei a cabo a análise das formas rexistradas desde un punto de vista cuantitativo (§ 4.2) así como o estudo dos lemas con maior índice de dispoñibilidade (§ 4.3). Finalmente, en apéndice ofrecerei a listaxe de lemas e variantes así como unha mostra da enquisa.

3. ASPECTOS METODOLÓXICOS

Como xa sinaléi, as pautas que seguí na elaboración deste traballo foron tiradas do LDG; polo tanto, a metodoloxía empregada é a mesma. Á súa vez, isto lévanos a usar a mesma metodoloxía que determinou o Proxecto panhispánico, secundado polo LDEG, que o LDG tomou como base.

Eu, por restricións de tempo e espazo, só empreguei un dos centros de interese seleccionados xa no Proxecto panhispánico, concretamente o número 15: *Os xogos e as distraccións*¹. Ademais, tamén aproveitei as variables de estratificación social que tiveron en conta eses mesmos estudos: sexo, nivel sociocultural dos pais, tipo de ensino (público ou privado), tipo de poboación do centro de ensino e da residencia familiar, e a lingua habitual. Nos estudos hispánicos, esta última variable só se desenvolvía nas comunidades bilingües, por iso o LDG e o LDEG a incorporan e, en consecuencia, eu tamén.

O proxecto galego, a diferenza dos outros estudos, ademais de incluír dous centros de interese máis² (que non afectan ao meu traballo porque eu só operei co CI 15), no que atinxe á mostra fai unha distribución dos tipos de poboación dos centros de ensino e de residencia familiar en catro grupos (poboación urbana, poboación periurbana, vila e poboación rural) no lugar de dous (poboación urbana e rural), como se fai de maneira xeral no Proxecto Panhispánico. Outra particularidade do LDEG é que incorporou a variable de lingua inicial. Estas mudanzas chegaron a min a través do LDG, que xa as tiña asimiladas.

3.1 A enquisa e os centros de interese

Considerando o concepto de ‘léxico dispoñible’ como aquel léxico que está preparado na memoria para ser empregado no momento no que se fala sobre un asunto; a enquisa, dándolle forma de cuestionario³ no que se indique o tema en cuestión, parece o mellor sistema para recoller as unidades léxicas que os suxeitos teñen na mente. Cada tema (ou centro de interese) no que se divida a enquisa estimulará os informantes a tirar daquel léxico que eles teñen dispoñible no seu maxín sobre ese asunto.

Como dicía antes, de entre os 18 CI analizados no LDEG e no LDG eu seleccionei o *CI 15. Os xogos e as distraccións*. Dado que non contaba con espazo nin tempo suficiente como para traballar con varios centros de interese, vinme na obriga de seleccionar só un. Decanteime polo de xogos e distraccións prevendo que podería ser moi atractivo en canto a riqueza léxica, e tamén, porque me parecía un ámbito especialmente interesante para comparar os resultados obtidos cos dos rapaces de 2º de Bacharelato.

Este foi o tema que compuxo a parte lingüística da enquisa que persoalmente lle fixen a 205 alumnos⁴, distribuídos en catro centros educativos. A outra parte estaba formada por aquelas cuestións que nos achegaban información sociocultural dos informantes; é dicir, sexo, lingua habitual, lingua inicial, nivel de estudos e profesión dos pais, lugar de

¹ Os centros de interese empregados neste son os mesmos 16 que se estableceron nos estudos franceses, os pioneiros, como o de Gougenheim et al. (1964): 01. O corpo humano, 02. A roupa, 03. Partes da casa (sen mobles), 04. Os mobles da casa, 05. Alimentos e bebidas, 06. Obxectos colocados na mesa para a comida, 07. A cociña e os seus utensilios, 08. A escola: mobles e materiais, 09. Calefacción e iluminación, 10. A cidade, 11. O campo, 12. Medios de transporte, 13. Traballos do campo e do xardín, 14. Os animais, 15. Xogos e distraccións, 16. Profesións e oficios.

² Un referido ás cores (17. As cores), e outro ao mar (18. O mar).

³ Véxase o Apéndice 2 para coñecer o modelo de enquisa, tanto a parte que recolle a información sociocultural, coma a que recolle a lingüística.

⁴ As enquisas tiveron lugar durante o 1º trimestre do curso 2012-2013.

residencia familiar, tipo de centro educativo e a súa localización. Esta información foi a que permitiu establecer as variables a través das que se estratifica a mostra. A pesar de que estas cuestións son de carácter persoal, en ningún momento se puxo de manifesto a identidade dos informantes, pois as enquisas foron totalmente anónimas.

Para cubrir a parte sociocultural da enquisa non foi preciso dar ningunha indicación máis que pedir que os informantes gardaran o seu anonimato e que foran sinceros para plasmar de maneira fiel a realidade.

En cambio, antes de cubrir a parte da enquisa que recolle a información principal, a lingüística; deilles aos informantes unha serie de indicacións para que se axustaran o mellor posible ao obxectivo.

En primeiro lugar, expliqueilles por que a folla do centro de interese estaba dividida en 48 casas. Polo tanto, foi aquí onde lles advertín que era de vital importancia que foran plasmando o vocabulario seguindo a orde marcada polos cadros, tal e como se vai activando no seu lexicón mental. Isto debía ser así porque o noso obxectivo era dar conta da orde de mención na que aparecen as unidades léxicas. Entenderon que a finalidade non era cubrir toda a táboa, senón só aqueles cadros que necesitaran. Só terían dous minutos para escribir e unha vez finalizados só se lles permitiría acabar de completar aquela unidade léxica que empezaran, pero en ningún caso comezar unha nova. Deste modo, intentaríamos salvagardar a espontaneidade das respostas. E aínda que o obxectivo non era que cubriaran un número altísimo de cadros, si que lles pedín que non perderan moito tempo pensando nunha palabra que non lles viñera á mente; se isto lles ocorría era preferible que pasaran a súa atención a outro concepto. Se o que lles viña á mente era un composto sintagmático e non unha palabra, deilles total liberdade para incluílo, así como tamén préstamos e acurtamentos. Co que non me mostrei tan permisiva foi coa inclusión de marcas comerciais ou nomes propios, agás naqueles casos nos que xa sufriran unha recategorización e se entenderan como comúns.

Intentei poñer en situación aos informantes para que lles fora máis doado realizar a enquisa. Procurei que imaxinaran que estaban falando cos seus amigos en galego, nunha conversa relaxada, sobre xogos e distraccións; e que por iso era importante que escribieran o que acostumaban dicir. Neste sentido tamén lles dei liberdade para incluír todos aqueles elementos que lles viñeran á cabeza, que non necesitaba que me puxeran hipónimos do hiperónimo ‘xogos’, senón que podían incluír todo aquilo que estivese ao alcance no seu lexicón cando pensaban en xogos e/ou distraccións, independentemente de que foran verbos, substantivos, adxectivos, ou calquera outra clase de palabra.

Por último, deixei claro que eu non era unha profesora que os estaba a examinar de lingua galega, e que polo tanto non terían que ter excesivas preocupacións ortográficas que os conducisen a perder tempo, aínda que si caligráficas, de xeito que as respostas foran lexibles, para que as súas achegas non caeran en saco roto e me foran de utilidade.

3.2 A mostra e as variables de estratificación social

En relación coa mostra, como dixen antes, tomei tal cal a estratificación do LDG que, como tamén expliquei, tomou como base a do léxico dispoñible do castelán de Galicia. Nas páxinas que seguen amosarei as variables tidas en conta á hora de caracterizar os centros de estudo e os informantes.

3.2.1 Os centros de estudo

As razóns de carácter práctico foron determinantes á hora de seleccionar os informantes, posto que escollín centros de estudo situados na miña vila de residencia (Miño, na provincia da Coruña) ou próximos a ela. No entanto, debo sinalar que a zona xeográfica seleccionada é especialmente apropiada para o estudo, na medida en que as localidades que se inclúen nela pertencen a diferentes tipos de poboación. Así, nunha mesma área conseguín recompilar alumnos/informantes de costa e de interior, e de vila, zona periurbana e rural.

O meu obxectivo era enquisar ao redor de 200 nenos de 6º de primaria. Escollín este curso esperando que os resultados foran distantes dos acadados polo LDG despois de enquisar a alumnos de 2º de bacharelato e así ter a posibilidade de comparar e contrastar os datos. Por iso acudín a catro centros educativos públicos, que foron suficientes para conseguir tal número de informantes; aínda que despois, por diferentes razóns, tiven que desbotar algunhas enquisas e o número das válidas e operativas quedou reducido a 191.

O primeiro centro ao que acudín foi ao de Miño, ao CPI Castro Baxoi, cifrado co 092. O número de alumnos matriculados en 6º non era moi alto, pero obtiven 29 enquisas aproveitables. É un centro situado, ao igual que os outros tres, na provincia da Coruña, e a localidade sobre a que se asenta é Miño, polo que a súa situación é costeira. Aínda que Miño ten ao redor de 5700 habitantes e a deberíamos encadrar dentro de poboación rural (concellos de menos de 15000 habitantes), o certo é que a súa actividade e a consideración social que se ten sobre el é de ‘vila pequena’. Polo tanto, tal tratamento foi o que lle dei.

O segundo centro educativo foi o CEIP Virxe da Cela, cuxa referencia é 091. Está situado en Monfero, localidade de interior e de carácter rural. O número de enquisas que me brindou foi menor que no caso do primeiro colexio, xa que obtiven 19 válidas.

O terceiro foi o de Pontedeume, considerado tamén unha vila, ao igual que Miño, pero que polo número de habitantes (preto de 8300), tamén sería encadrable dentro de poboación rural. Porén, aquí atribuímoslle carácter de vila periurbana por pertencer á conurbación da cidade de Ferrol. Está situada á beira do mar, polo que a consideramos unha localidade costeira. Deste centro, o CEIP Couceiro Freijomil, que numerei co 090, a cifra de enquisas aproveitadas foi de 35.

E por último, o derradeiro centro que visitei foi o CEIP Francisco Vales Villamarín, que numerei mediante o 093, do que o número de enquisas que aproveitei ascende a 108. Está situado na vila de Betanzos (que ten 13500 habitantes, aproximadamente) e aínda

que está próxima ao mar, non está situada na costa mesmo, por iso debemos considerar esta localidade de interior.

A continuación presento unha táboa, que recolle de maneira esquemática a información dos catro centros que acabo de describir:

Táboa 1: Os centros educativos

C. Escolar	Localidade	Poboación	Provincia	Carácter	Situación	Nº enquisas
090 CEIP Couceiro Freijomil	Pontedeume	Periurbano	A Coruña	Público	Costa	35
091 CEIP Virxe da Cela	Monfero	Rural	A Coruña	Público	Interior	19
092 CPI Castro Baxoi	Miño	Vila	A Coruña	Público	Costa	29
093 CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	Vila	A Coruña	Público	Interior	108

Vemos que na caracterización dos centros foron catro as principais variables manexadas:

- Localización do centro de ensino: son catro os tipos de poboación que se distinguen:
 - Urbana: incluíríanse neste grupo as cidades con máis de 50000 habitantes; pero neste caso, ningún dos catro centros se poderían encadrar aquí.
 - Periurbana: encadraríanse neste grupo as conurbacións constituídas ao redor das cidades. Nós temos o caso do CEIP Couceiro Freijomil, que está situado en Pontedeume, localidade que pertence á área metropolitana de Ferrol.
 - Vila: consideraríanse vila aqueles concellos con máis de 15000 habitantes, como é o caso do CEIP Francisco Vales Villamarín, situado en Betanzos.

Neste grupo tamén se poderían encadrar aqueles concellos que polo número de habitantes pertencerían a unha poboación rural, pero que pola súa proximidade a núcleos urbanos ou polo sector económico predominante, non corresponden co prototipo de poboación rural. O CPI Castro Baxoi de Miño estaría dentro deste subgrupo.

- Rural: neste último tipo encadraríanse os concellos con menos de 15000 habitantes e, polo xeral, bastante illados xeograficamente dos núcleos máis poboados. Estaría neste caso o CEIP Virxe da Cela de Monfero.
- Provincia: os centros educativos visitados poderían situarse en calquera das catro provincias galegas (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra), pero os nosos pertencen todos á da Coruña, xa que foron recollidos dentro da mesma área, na confrontación das comarcas de Betanzos e do Eume.
- Carácter do centro: esta variable refírese ao carácter público, privado ou concertado dos colexios; pero a este respecto, por razóns prácticas decidín visitar aqueles que fosen só de carácter público.
- Situación: esta variable está relacionada coa localidade na que se asenta o centro educativo. Só hai dúas posibilidades, ou ben que se atope na costa (localidade costeira, como Miño e Pontedeume) ou que non o faga (localidade de interior, como é o caso de Betanzos e Monfero).

A situación é moi importante na nosa comunidade porque existe un gran desequilibrio territorial; tal desequilibrio consiste na concentración da maioría da poboación na zona costeira. Por iso resulta interesante ver en que medida esa descompensación se reflicte no léxico.

O resultado de visitar estas escolas foi a recompilación de 205 enquisas, das cales tiven que desbotar 14 por falta de completión, xa que os correspondentes alumnos deixaron datos de estratificación social sen cubrir, ou cubríronos con incongruencias. Tras apartar as non válidas, 191 foron as aptas para traballar con elas, tal e como xa indiquei.


3.2.2 Os informantes

Salvando o criterio de completión, non empreguei ningún outro para seleccionar as enquisas coas que traballaría, a diferenza do que se fixo no LDG. Neste dende un principio estableceuse un plan previo de distribución dos alumnos para intentar reflectir, a pequena escala, a configuración social do estudantado galego, pero eu traballei con todos os informantes sen excepción, sen buscar unha distribución particular. Ao manexar un número moito máis reducido de enquisas, este obxectivo estaba fóra do meu alcance. As variables que se empregaron para a caracterización social dos informantes foron:

- Sexo: mediante esta variable, podemos examinar os resultados atendendo a se o informante é un neno ou unha nena. A porcentaxe de individuos de sexo masculino matriculados en primaria no ano 2013 é do 51,54% e a correspondente ás alumnas dun 48,46%, segundo datos que se recollen no Instituto Galego de Estatística.

Nos meus informantes o número de nenos é tamén maior que o de nenas, cunha diferenza de 11 alumnos. As porcentaxes que representan o pequeno desequilibrio entre os 101 nenos e as 90 nenas, moi próximas aos valores xerais arriba presentados, son as que mostra o seguinte gráfico:


Gráfico 1: Datos da miña mostra por sexo



- Lingua inicial: grazas a esta variable podemos coñecer a porcentaxe de informantes que tiveron como lingua materna o galego, o castelán, ambas ou calquera outro idioma. As opcións que se ofrecían na enquisa eran:
 - Galego
 - Castelán
 - As dúas
 - Outra(s)

O seguinte gráfico mostra a distribución desta variable no LDG, correspondente, pois, a alumnos de 2º de bacharelato:

Gráfico a): Datos da mostra sobre a lingua inicial no LDG




Aquí podemos observar como a porcentaxe de informantes que aprenderon a falar nunha lingua distinta ás cooficiais da nosa Comunidade é moi baixo, ata o

punto de non ser representativa. O resto do gráfico está repartido entre os alumnos que tiveron como lingua nai o galego (un 28%), os que tiveron o castelán (que son preto dun 2% máis que os anteriores) e os que se criaron nas dúas linguas, que son a maioría cun 40%.

No seguinte gráfico podemos ver a mesma distribución, pero neste caso dos meus informantes:

Gráfico 2: Datos da miña mostra sobre a lingua inicial




Os resultados variaron bastante dos alumnos nados nos anos '90 aos nados nos primeiros do novo milenio. Así, a presenza de informantes que tiveron como lingua inicial un idioma distinto do galego e o castelán aumentou levemente, pasando do 0,25% ao 3%. En contraste, diminuíu nun 5% os alumnos que se incluíron no grupo de bilingües nos seus primeiros anos. No entanto, o que máis chama a atención é o incremento de nenos que se criaron en castelán, pasando a representar a metade dos enquisados, mentres que nos resultados do LDG só supuña un 30%. Fronte á proximidade das porcentaxes dos nenos que tiveron como lingua nai o galego (28%) ou o castelán (30%) no LDG, nos resultados dos meus informantes ambos os grupos se afastan. Esta descompensación vén dada polo forte descenso de nenos criados en galego (na miña mostra un 11%). As estatísticas mostran que os nenos de 6º de primaria que se criaron só en galego son un 17% menos que os de 2º de bacharelato. Pola contra, a porcentaxe dos que se iniciaron só en castelán aumentou nun 5%. Como conclusión provisional, podemos tirar que os nenos criados en castelán non só se manteñen, senón que aumentan sensiblemente, mentres que se perden nunhas cantidades vertixinosas os falantes iniciados en galego. Con todo, os datos deben tomarse con moita precaución na medida en que contrastamos unha mostra correspondente a toda Galicia cunha mostra moito máis pequena que recolle municipios dunha zona concreta da Coruña, bastante castelanizada. Só realizando o contraste entre mostras similares poderíamos coñecer se realmente houbo unha desgaleguización na zona nos últimos tempos, pero isto está nestes momentos fóra do noso alcance.

- Lingua habitual: esta variable é especialmente representativa dende o punto de vista lingüístico, xa que mostra o uso real que teñen as linguas na sociedade, aínda que no caso deste traballo só sirva para representar aos alumnos de 6º de primaria da zona das comarcas de Betanzos e do Eume. A través da lingua habitual, independentemente da inicial, podemos coñecer en que idioma adoitan comunicarse estes alumnos. As opcións que se ofrecían na enquisa eran:
 - Só galego
 - Máis galego ca castelán
 - Galego ou castelán, indistintamente
 - Máis castelán ca galego
 - Só castelán
 - Outra

No LDG, en que se enquisou a rapaces de arredor de 17 anos en 2008, había unha clarísima tendencia por parte dos informantes a situarse no grupo de falantes que acostumaban empregar con maior frecuencia o castelán, aínda que usasen tamén o galego (un 39% incluíuse neste sector). O resto das porcentaxes están bastante próximas, como vemos no gráfico de máis abaixo; porén, a segunda porcentaxe máis alta corresponde a aqueles alumnos que se identifican como falantes monolingües en castelán (17%). A tendencia ao uso do galego é moito menor ca a tendencia ao uso do castelán porque se sumamos os monolingües en galego (13%) máis os que empregan maiormente galego, pero tamén usan o castelán en menor medida (14%), obtemos un 27% fronte ao 56% que sumarían os dous grupos que usan só ou sobre todo o castelán. Por último, só se considerarían bilingües en pé de igualdade no uso das dúas linguas un 14% dos informantes.


Gráfico b): Datos da mostra sobre a lingua habitual no LDG



A situación lingüística nos meus informantes é moitísimo máis descompensada no que se refire á convivencia do galego e o castelán.

Tan só un 3% declarou ser monolingüe en galego, fronte ao 13% dos enquisados polo LDG. E só o 8% (fronte ao 14% nos alumnos de bacharelato) respondeu empregar máis galego ca castelán; é dicir, que a porcentaxe de alumnos que se inclinarían polo uso do galego, en comparación cos resultados do LDG, descendería dun 27% a un 11%. En cambio, os que se declaran monolingües en castelán supoñen un 17%, exactamente igual que os alumnos de bacharelato. Tampouco varía a proporción de aqueles usuarios que se declaran bilingües, cun uso equilibrado de galego e castelán, pois supoñen un 15% do total. O que se dispara é o número de informantes que se incluíron no grupo dos que empregan maioritariamente o castelán, aínda que non renuncian ao uso esporádico do galego. No LDG supuñan un 39% , mentres que nos meus resultados ascende ao 57%, polo tanto máis da metade. Se sumamos os dous grupos nos que predomina o uso do castelán e facemos o mesmo cos do galego, tal e como fixemos máis arriba cos informantes do LDG, obtemos que os alumnos que prefiren empregar o castelán suman un 74% fronte ao 11% que se inclina polo galego. A diferenza é abismal. Estamos ante uns informantes moitísimo máis castelanizados que os alumnos de 2º de bacharelato enquisados en 2008 nas catro provincias galegas, aínda que a interpretación correcta dos datos (forte proceso de desgaleguización ou mantemento dunha situación xa existente na zona) non a podemos coñecer pois carecemos de datos concretos sobre a situación lingüística dese territorio en 2008.

Gráfico 3: Datos da miña mostra por lingua habitual⁵



Se comparamos os gráficos 2 e 3, que son os correspondentes á distribución de alumnos en relación coa lingua habitual e a inicial, podemos observar como o número de informantes que se declararon monolingües nas primeiras etapas das súas vidas, tanto en galego como en castelán, diminuíu nas respostas da lingua habitual. Nesta última variable as respostas ‘máis galego ca castelán’ e ‘máis

⁵ A resposta ‘outra lingua’ foi escollida por un informante, a pesar de que na gráfica esa opción estea representada polo 0%. Isto é así porque estamos a traballar prescindindo dos decimais.

castelán ca galego' son moito máis recorrentes, sobre todo esta última. Para dar conta da inclinación polo uso dunha lingua ou outra dun xeito máis fiel á realidade, considero de utilidade sumar as porcentaxes dos informantes que teñen como lingua habitual 'só galego' e 'máis galego ca castelán' (na táboa 2 "Galego"), así como tamén as dos grupos de 'só castelán' e 'máis castelán ca galego' (na táboa 2 "Castelán"); facendo o mesmo para a variable 'lingua inicial'. Así, na seguinte táboa mostro a comparación das dúas variables coas respostas da lingua habitual e inicial xa unificadas:

Táboa 2: Distribución da mostra segundo a lingua habitual e inicial

Ling. Habitual→ Ling. Inicial↓	Galego	Galego/ Castelán	Castelán	Outra(s)
Galego	15	2	3	0
Galego/castelán	4	21	42	0
Castelán	1	5	92	0
Outra(s)	1	1	3	1

A través desta táboa, podemos ver con datos numéricos o nivel de castelanzación no que se atopan os meus informantes. Son 92 os que declaran ter por lingua inicial e habitual o castelán; fronte aos 15 que afirmaron ter como lingua nai o galego e seguir empregándoo no día a día.

En canto ao traspaso de falantes dunha lingua a outra, non é moi habitual; con todo son 3 os falantes que tiveron como lingua nai o galego e agora declaran empregar o castelán nas súas actividades cotiás; mentres que só 1 dixo ser nativo en castelán e agora ser galegofalante.

Que ocorre cos informantes que manifestaron ser bilingües “en pé de igualdade” nos seus primeiros anos? Pois como estamos vendo ata agora, tamén tenden a acabar falando castelán. Son 42 os que escolleron o castelán como lingua habitual, fronte aos 4 que se inclinaron cara ao galego. A diferenza é ben grande. O resto, que son 21 alumnos, declaron manterse na situación inicial.


Por último, aqueles nenos que tiveron como lingua nai unha distinta ao galego ou ao castelán, tamén remataron por inclinarse cara ao uso habitual do castelán (3 informantes están nesta situación, fronte a 1 que se identifica como falante galego).

- Tipo de poboación no que se atopa o domicilio familiar: mediante esta variable dáse conta do tipo de poboación en que vive cada informante. Con anterioridade comentei que cada centro educativo pertencía a un tipo de poboación distinto (rural, urbano, periurbano ou vila), pero iso non quere dicir que os nenos desenvolvan toda a súa actividade diaria nestes contextos, xa que unha gran parte do alumnado se ten que desprazar cada día dende o seu domicilio familiar ata onde se encontra o seu colexio, polo xeral dende as zonas máis dispersas e

rurais ata os núcleos máis populosos. Por isto, a variable referida ao tipo de localidade na que reside o informante coa súa familia resulta tamén pertinente.

O seguinte gráfico mostra a distribución dos informantes atendendo ao tipo de poboación no que residen coas súas familias:

Gráfico 5: Datos da mostra por lugar de residencia



Xa que realicei as enquisas nunha zona na que conflúen áreas rurais, periurbanas e vilas, a porcentaxe de alumnos que residen nun núcleo urbano é insignificante: só un neno indicou que residía nun lugar cualificable como tal.


Reparando xa nos outros tres tipos, observamos como a metade dos alumnos (o 49%) teñen o seu fogar nunha vila. A outra metade divídese entre os que viven no rural (o 36%) e os que o fan nunha área periurbana, que son a minoría, xa que tan só un 15% dos informantes indicou na súa resposta un lugar encadrable neste tipo de residencia.

- Nivel sociocultural: esta variable refírese xa ás familias e non só ao informante. Ten que ver co nivel de estudos dos pais e o ámbito profesional ao que se dedican.

O nivel sociocultural predominante das familias dos alumnos enquisados en 2008 para o LDG era o 'medio' (59%), tan só o 11% se situaba no nivel alto e un 28% no baixo.

No caso dos meus informantes, tal e como mostra o gráfico, o nivel medio tamén é o marioritario, pero neste caso falamos de cifras máis disparadas. O 75% atópase neste nivel, fronte ás baixas porcentaxes de nivel baixo (16%) e alto (9%).

Gráfico 6: Datos da mostra por NSC




3.2.3 A lingua habitual en función das diferentes variables de estratificación social

Neste apartado gustaríame cotexar en que medida inflúen as variables de estratificación social nos informantes á hora de usar o galego ou o castelán⁶ como lingua habitual. Xa no LDG se mostraba mediante gráficos e táboas os distintos datos de estratificación social combinados co da lingua de uso habitual.

En primeiro lugar, parécese especialmente interesante coñecer se polo feito de ser home ou muller sen ten maior predisposición a empregar unha lingua ou a outra. O seguinte gráfico mostra os resultados dos nenos e as nenas atendendo á lingua que empregan habitualmente.

Gráfico 7: Lingua habitual segundo o sexo



⁶ Neste apartado, baixo 'galego' están incluídas as respostas 'só galego' e 'máis galego ca castelán'. Do mesmo xeito, 'só castelán' e 'máis castelán ca galego' sitúanse baixo 'castelán'.


Vendo este gráfico non parece que o sexo sexa un factor condicionante á hora de empregar unha lingua ou a outra. As cifras están moi igualadas entre os nenos e as nenas.

No que respecta ao nivel sociocultural, tal e como mostra a táboa 3, non hai ningún informante de nivel alto que teña por lingua habitual o galego. Nos tres niveis socioculturais os nenos tenden a empregar o castelán, pero esta preferencia é maior no nivel medio. No nivel baixo é onde tal preferencia é menor, xa que o 29% ten como lingua habitual o galego, e o 65% o castelán. En cambio, como digo, no nivel medio onde existe a tendencia máis forte a empregar o castelán como lingua habitual, o 76% situouse nesta circunstancia, fronte ao, tan só, 8% que se declarou galegofalante. A distribución destas porcentaxes pode verse no gráfico 8.

Táboa 3: A lingua habitual segundo o NSC

NSC/LING. HAB.	GALEGO	AS DÚAS	CASTELÁN
ALTO	0	5	12
MEDIO	12	22	108
BAIXO	9	2	20

Gráfico 8: Lingua habitual segundo o NSC




Así, ao igual ca ocorría no LDG, confírmase na nosa mostra que os niveis alto e medio son os máis castelanzados e o baixo, o menos.

Pero, ten algo que ver co uso da lingua o tipo de poboación no que resida o informante ou no que se atope o centro educativo?

O certo é que si. Independentemente de se o centro está na costa ou no interior (xa que os resultados nos indican que non é este un factor relevante), que estea situado nun tipo de poboación periurbana, vilega ou rural, si é determinante.

Gráfico 9: Lingua habitual segundo a localización do centro educativo



O gráfico 9 mostra como os informantes escolarizados nunha vila teñen tendencia a empregar o castelán como lingua habitual⁷; mentres que só os alumnos do centro rural se inclinan polo emprego do galego⁸. Con todo, no centro onde o índice de galegofalantes é menor é no da zona periurbana, xa que ningún alumno marcou como resposta á súa lingua habitual o galego.

Débese falar tamén do tipo de poboación na que reside o informante porque tamén é un factor clave á hora de inclinarse polo galego ou o castelán na fala cotiá.

Nos meus informantes só un recoñecía vivir nunha zona urbana, polo que non é moi representativo; de todas formas, ese alumno foi o único que marcou como lingua habitual ‘outra’⁹. Ante esta situación, decidín empregar para o cotexo só os datos dos alumnos que residen nunha vila ou en zonas periurbanas ou rurais. O resultado foi similar ao que acabamos de ver. Novamente existe unha clara tendencia ao uso do castelán, especialmente por parte dos informantes que viven nunha vila ou nunha zona periurbana, tal e como se aprecia no gráfico 10.

Nel vemos como nas barras que representan aos galegofalantes non existe a que representa aos residentes na zona periurbana, porque ningún se identificou como tal. Novamente os que máis se inclinan cara ao uso da lingua galega son os de zona rural, aínda que só se manifestou neste sentido o 26%, o 53% identificouse como castelanfalante.


Vemos, pois, que nos atopamos ante uns informantes fortemente castelanizados, salvando aqueles que están en maior contacto coa zona rural que tenden a empregar máis a lingua galega. Aínda así, a situación desta na zona periurbana é extrema, pois non se rexistra ningún falante.

⁷ O 80% dos informantes escolarizados nunha vila decláranse castelanfalantes.

⁸ O 67% dos informantes escolarizados nun centro rural decláranse galegofalantes, fronte ao 1% que di inclinarse máis polo castelán.

⁹ Portugués.

Gráfico 10: Lingua habitual segundo o lugar de residencia



3.3 Criterios de edición dos materiais

Unha vez recollido o material e filtradas as enquisas que serían útiles para a análise, chegou o momento de editar os resultados. A metodoloxía que empreguei, como xa expliquei anteriormente, foi a mesma que a do léxico dispoñible do galego, o que me permite realizar cotexos directos con este. A edición dos materiais no LDG está rexida por dous principios fundamentais, que son:

- O primeiro principio persegue a unificación e a estandarización, de tal modo que se agrupan as variantes baixo lemas unificadores e elimínanse aquelas formas que non se adecúan ao que se solicita.
- O segundo principio ten que ver co respecto e fidelidade ás respostas ofrecidas polos informantes.

De acordo con estes dous principios, establecéronse unha serie de pautas que rexerían todo o proceso de edición dos materiais, e que explico a continuación.

3.3.1 Formas eliminadas e formas conservadas

En relación co segundo dos principios, respéctanse as respostas dos informantes e téndese a reproducir fielmente o que eles escribiron. Con todo, non sempre é posible conservar a totalidade de unidades léxicas que compoñen a enquisa; aínda que ben é certo que foron poucas as formas que houbo que eliminar. A continuación sinalo algún dos casos nos que foi preciso levar a cabo a supresión.

- Deuse o caso de que un mesmo informante escribiu máis dunha vez a mesma forma. En ocasións como esta, mantiven a forma que se mencionou primeiro e eliminei a seguinte. Véxase como exemplo "Mariola" no seguinte exemplo, onde

o informante¹⁰ incluíu dúas veces esta forma. A primeira mención tivo lugar ao comezo da listaxe e a segunda en 5º lugar:

Mariola, Pou, Ponchopanzaslargas, Ni Sí, Ni non, Mariola, Parchis, Corda, Videoxogos, Chave, Tres en raia, Escondite, Colchonetas, Barco undido, Futbolín, Billar, Puzle, Pillapilla, Zapatitoinglés, Crabo

Foi a última, polo tanto, a eliminada.

- Tamén se procedeu á eliminación de formas naqueles casos nos que se observaba con claridade que unha resposta fora ofrecida por asociación inmediata con outra, ata o punto de que compartirían o mesmo lema, coincidencia que nunha mesma listaxe non se tolera. Por exemplo, un informante¹¹ presentou a seguinte listaxe:

Vaguear, vaga, xogar, xogando, patinar, patinando, xogar ao baloncesto, xogos, video xogos, televisión, reírse, dormir, dormindo, replicar, facer os malditos deberes, comer moito, comer chocolate, recortar, pintar, dobrar, ler, lendo, libros, programas

Aquí podemos ver como, por asociación, ofrece un xerundio a partir dun infinitivo (“xogar”→ “xogando”, “patinar”→ “patinando”). Neste caso, mantiven os infinitivos, que son os primeiros elementos.

- Pode darse o caso de que unha resposta, ofrecida por asociación con outra, perda o sentido, ou vínculo, en relación co CI. No exemplo anterior, o informante incluía a unidade “dobrar” probablemente por asociación coas accións de recortar e pintar que a anteceden na listaxe (dobrar papeis?). Ante situacións deste tipo, procedín á eliminación da forma co vínculo máis feble.
- En ocasións, os informantes vense tentados a ofrecer series para cubrir a maior parte posible do cuestionario e con pouco esforzo. Véxase o seguinte caso:

Videoxogos, X-box, X-box 360, play1, play2, play3, Wii, a billa, os pelouros, correr, o fútbol, ler, cociñar, estudar, navegar en internet, nadar, bailar, boxear

Aquí podemos ver como o feito de nomear unha consola, leva ao informante¹² a citar diferentes versións do mesmo aparato. En casos coma este procedín á supresión de todas aquelas variantes que non foron citadas en primeiro lugar. Así, neste caso, eliminei “X-box 360”, “play2” e “play3”.

- Cabía a posibilidade de atoparme con algún informante que pretendara transgredir a tarefa encomendada. Pero entre os alumnos que enquisei non me topei con ningún que non colaborara e participara positivamente. De ter ocorrido que un neno enchera os cadros conscientemente con palabras desvinculadas do

¹⁰ Informante: 090.020.15

¹¹ Informante: 093.093.15

¹² Informante: 090.030.15

tema, o adecuado sería eliminar ese cuestionario ou, no seu caso, as formas transgresoras.

- Cómpre eliminar tamén, aqueles rexistros que conteñan predicacións, xa que o obxectivo é recoller léxico. Unha mostra disto é o rexistro do seguinte informante¹³:

tele, videoconsola, ordenador, saltar a corda, o bambintón, leer, estudar, molestar a meu primo, que me moleste o meu primo, xogar coa miña prima, falar coas miñas amigas

Nesta listaxe vinme na obriga de eliminar a expresión “que me moleste o meu primo”.

A respecto deste último punto, cabe dicir que si conservei as expresións complexas lexicalizadas que se empregan para designar determinadas realidades concibidas como unitarias, estivesen lexicalizadas (“tres en raia”) ou non (“falar coas miñas amigas”).

- Mantiven aquelas formas que os informantes crearon, frecuentemente a modo de adaptación ao galego de expresións ou palabras do castelán. Podo ilustrar esta circunstancia a través do alumno¹⁴ que adaptou a expresión “a pilla” ao galego, dando como resultado “a pixa”.
- Unha indicación na que lles insistín moito aos informantes antes de realizar as enquisas foi na de que non incluían marcas comerciais nin nomes propios nas respostas. Malia a isto, a presenza destes é moi frecuente, porque tamén o é na fala habitual; de feito, o número de alumnos que incluían nomes comerciais como “Play” ou “Wii” é alto. Por iso decidín facer a excepción e conservar os rexistros existentes, como tamén se fixo no LDG. Algúns exemplos máis que dan conta disto son “Ni Si Ni No”, “Action Man”, “Ahora caigo”, “La que se avecina”, “Monopoly”, “Scalextric” ou “Rummikub”.
- Por último, en canto ao referido aos topónimos e antropónimos, eliminados habitualmente no LDG, aínda que son moi pouco frecuentes nas respostas, hai casos nos que a súa presenza está xustificada. Un exemplo é o do informante¹⁵ que incluíu na súa listaxe o lugar “Coruña”. Neste caso non eliminei a forma porque interpreto que o neno concibe a cidade como un lugar de distracción, e nesta interpretación resulta pertinente para o CI. Así é que mantiven este tipo de respostas.

¹³ Informante: 093.096.15

¹⁴ Informante: 092.016.15

¹⁵ Informante: 093.072.15

3.3.2 Criterios xerais de lematización

Unha vez que as enquisas estiveron depuradas, procedín á lematización co obxectivo de unificar variantes (sobre todo fónicas, morfolóxicas, ortográficas e flexivas) e de ofrecer formas normalizadas que facilitasen a busca do usuario. O proceso foi, esencialmente, o de vincular a un lema todas as palabras ofrecidas nas listaxes que fixeran referencia ao mesmo concepto e que, nun sentido amplo do termo, se puideran considerar variantes. Desta forma, *balonman*, *balonmano*, *balón-mano* e *balonmán* quedarían recollidas baixo o mesmo lema: *balonmán*. Sería con este lema co que se traballaría para realizar os cálculos de dispoñibilidade léxica e de frecuencia. Pero isto non quere dicir que as formas pasaran a confluír co lema, senón que, ao igual que no LDG e no LDEG, neste traballo dou a coñecer cales son as variantes concretas (as formas ofrecidas polos informantes) que son realización de cada lema. A listaxe de lemas e variantes recóllese no Apéndice 1.

Para escoller que forma sería a considerada como lema, hai un criterio xeral: a tendencia a escoller a forma estándar coa súa ortografía normativa respectiva. Con todo, unha serie de normas tamén me serviron de guía á hora de levar a cabo a lematización. Son as seguintes:

- O xénero

Son poucas as palabras que neste CI designan seres sexuados (e non rexistramos como lema ningún adxectivo). O tratamento é este:

- Os seres sexuados lematizaranse co xénero que indiquen os informantes. Se só se rexistran casos da forma masculina, lematízase neste xénero; e o mesmo ocorre se só aparecen exemplos en feminino. Se nas listaxes aparecen os dous xéneros, no lema recolleranse as dúas terminacións separadas por un guión. A orde de mención dependerá de cal sexa a forma máis frecuente. Esta última deberá ir primeiro. Temos como exemplo *amigo-a*.
- Agora ben, no caso de que o elemento designador dun ser sexuado figure como complemento dentro dun sintagma, lematizarase sempre en masculino: "salir coas amigas" e "sair cos amigos" lematízanse baixo *saír cos amigos*.

- O número

De acordo coa forma de cita que adoita aparecer nos dicionarios, as palabras con variación de número figuran lematizadas en singular ("peluches" e "peluche" lematízanse baixo *peluche*), con independencia de que nos rexistros dos informantes só teñamos variantes en plural ou que estas sexan máis frecuentes (os tres exemplos de "deportes" e o único de "deporte" lematízanse baixo *deporte*).

Particularidades e excepcións:

- Os substantivos que posúan unha acepción específica en plural deben ser lematizados neste número (*chapas*).
 - Os compostos morfolóxicos lematizaranse co número que figuran nos dicionarios (*saltamontes*). Se non aparecen en ningunha obra lexicográfica pero si nas listaxes, lematizaranse atendendo ao principio de frecuencia.
 - Os substantivos que figuran como complemento en expresións complexas lematízanse no número que sexa máis frecuente nas respostas dos informantes: "andar en patinete" (2 casos) e "andar en patinetes" (1 caso) lematízanse baixo *andar en patinete*.
- As palabras con morfemas avaliativos

Moitas palabras con morfemas avaliativos xa teñen acadado certo grao de lexicalización, figurando nas obras lexicográficas, o que permite lematizalas independentemente (*futbolín*). Así mesmo, hai outras que non están presentes nos dicionarios pero que igualmente aparecen nas listaxes e designan realidades con certa especificidade; neste caso tamén se lematizarán conservando o morfema avaliativo (*cabaliño de madeira*).

- Os verbos

De maneira xeral, as formas verbais son lematizadas baixo o infinitivo, coincidindo coa forma de cita nos dicionarios.

Particularidades e excepcións:

- Os participios lematizaranse con entrada independente (*conxelado*).
 - Os verbos que aparecen nas listaxes sempre en forma pronominal lematizaranse co clítico, independentemente do seu valor (reflexivo, recíproco, valor resultativo ou formante léxico). Por exemplo, *aburrirse*.

Se nos resultados figuran formas con clítico e sen el, unificaranse co emprego de parénteses, sempre e cando un uso ou outro non implique diferentes acepcións. Por exemplo, *rir(se)*.
- Os acurtamentos, as abreviaturas gráficas, as siglas e acrónimos.

É moi común o uso de acurtamentos de palabras, e máis no caso dos meus informantes que son de curta idade. Así, nas respostas pódese atopar "bici" ou "peli", por exemplo. Cando se recollen as formas acurtadas e as formas plenas, unificamos ambas mediante parénteses; véxase nos exemplos anteriores:

bici(cleta) e *pelí(cula)*. Pero se só hai rexistros da forma acurtada o lema manterá esta (*montar en bici*).

Este centro de interese non parece inducir ao emprego de abreviaturas gráficas, siglas e acrónimos, que non están moi presentes nas listaxes. Con todo hai algún caso como "j. ridmica" → *ximnasia rítmica*. Vese que o procedemento que se leva a cabo nos casos nos que se empregaron abreviaturas é o de desenvolveselas no lema, sen empregar parénteses.

Trato diferente reciben as siglas e os acrónimos; estes non se desenvollen, senón que se lematizan como tales, con letras maiúsculas e sen puntos de separación entre os compoñentes (*DVD*).

- Os nomes de marcas, empresas e produtos comerciais

Naquelas respostas en que se ofrezan nomes de marcas, de empresas ou de produtos comerciais, independentemente de que figure unha variante popular ou abreviada, o lema que se lle atribuirá será o nome exacto e completo. Por exemplo, á variante "actionman" atribúnlle o lema *Action Man**, ou a "barbi", o lema *Barbie**; tamén atopamos nomes incompletos como "Mario", que lematizamos baixo *Mario Bros**.

Como se pode deducir dos lemas ofrecidos nos exemplos anteriores, os nomes de marcas e produtos comerciais deben levar ao final un asterisco que os identifica como tales.

Se se dá o caso de que un nome de marca ou dun produto se viu afectado por un proceso de lexicalización e está recollido polos dicionarios, non se incluírá o asterisco nin a maiúscula inicial no lema.

- Os sintagmas

De xeito xeral, se un informante inclúe nas súas respostas un sintagma, este será lematizado como tal (*acariciar o can*).

Con todo, hai unha serie de peculiaridades na lematización dos sintagmas:

- Unificación de formas:

Cando nas respostas dos informantes conviven sintagmas con formas máis simples que posúen a mesma designación, unifícanse mediante parénteses no lema: "dibujos" e "dibuxos animados" sitúanse baixo *debuxos (animados)*¹⁶ e "cartas" e "xogos de cartas" baixo (*xogo de*) *cartas*. O mesmo é aplicable a compostos sintagmáticos: (*video*)*consola*. A unificación tamén ten lugar noutros casos máis puntuais, como

¹⁶ Previamente, comprobouse o contexto para saber en que sentido se debía entender a forma "dibujos".

naqueles en que figura un verbo causativo: "bailar o peón" e "facen bailar o peón" lematízanse baixo (*facen*) *bailar o peón*.

○ Determinantes e cuantificadores:

Son numerosos os casos nos que se recollen frases nominais introducidas por artigo. O proceso de lematización que se deberá seguir nestes casos será a eliminación do artigo. Un exemplo que dá conta disto é o de "as bonecas", que se lematizou baixo *boneca*. De igual xeito eliminaranse os posesivos ("xogar cos meus amigos" → *xogar cos amigos*). Cabe a posibilidade de que sexa un cuantificador o que apareza e, cando este indica unha cantidade elevada ou maior, debe eliminarse no lema ("comer moito" → *comer*). Deste xeito unifícanse as formas con e sen cuantificador.

Se reparamos nas frases verbais, pode suceder que conteñan no seu interior algún complemento; se este aparece introducido por artigo, manterase no lema (*acariciar o gato*). Se a mesma frase verbal aparece con e sen artigo, o criterio xeral é o de empregar parénteses cando sexa posible para unificar as dúas formas. No entanto, na nosa listaxe esta posibilidade non é factible por razóns formais, de tal xeito que en tales casos prevaleceu a forma máis frecuente sobre as demais ("andar en bici" e "andar na bici" recóllense baixo *andar en bici(cleta)*, sen artigo, posto que os exemplos sen determinante son máis numerosos ca os exemplos con el).

○ Preposicións:

De xeito xeral, as preposicións ofrecidas polos informantes que introducen complementos do nome, mantéñense no lema (*cabaliño de madeira*), salvo que exista unha forma normalizada e considerada máis estándar, que será a que se empregue para lematizar. Se se dá a situación de que temos sintagmas que comparten os compoñentes léxicos pero difiren no emprego da preposición (*xogar ao ordenador / xogar co ordenador / xogar no ordenador*), a forma que se escolle para lematizar é a máis frecuente (*xogar ao ordenador*), salvo que haxa unha forma menos frecuente pero considerada máis estándar, pois entón será con esta coa que se lematice.

Se nalgún caso faltase a preposición nunha resposta, probablemente porque o informante quixera gañar tempo, recupérase no lema sen parénteses ("xogar futbol" → *xogar ao fútbol*).

○ Supresión e mantemento de constituíntes:

O común é manter nos lemas os modificadores e complementos ofrecidos polos informantes (por exemplo, *galego* en *baile galego*), a

non ser que ofrezan especificacións demasiado precisas ("molestar a meu primo" lematízase baixo *molestar*) ou demasiado xerais ("construir cousas" lematízase baixo *construír*). Noutras ocasións os alumnos ofrecen aclaracións co obxectivo de non confundir conceptos, como por exemplo *burro* (*cartas*). Neste caso resulta necesario manter no lema a aclaración do neno para non confundir este xogo co popular. No caso de que a información que acheguen sexa redundante ou non precisa ("mus (*cartas*)"→*mus*), elimínanse.

Se a eliminación dun constituínte dá lugar a un lema coincidente con outro da listaxe, debe suprimirse a segunda mención.

- Recuperación de constituíntes:

Non se recuperará ningún constituínte ausente no lema cando as formas abreviadas se empreguen con frecuencia (*portátil*).

- A separación/fusión gráfica

A presentación dalgunhas unidades léxicas, especialmente compostos morfolóxicos, pode dar lugar a diferentes posibilidades gráficas froito do descoñecemento dos informantes ou da ausencia dunha forma estandarizada (*escondite pilla*, *escondite-pilla*, *esconditepilla*). A solución é escoller como lema a forma aceptada polo código normativo cando esta existe ou, no seu caso, a que máis se adecúa á grafía estándar doutras expresións complexas de estrutura similar (*escondite pilla*).

- O emprego de maiúsculas

Só se deben empregar as maiúsculas nos nomes propios: topónimos (*A Coruña*)¹⁷, marcas ou produtos (*Atmosfear**, *BlackBerry**, *Facebook*...*), institucións, etc., e nas siglas (*DVD*).

- Os estranxeirismos

Considéranse estranxeirismos aquelas formas presentes nas listaxes e que non teñen orixe galega nin castelá. Ante unha palabra deste tipo, emprégase como lema a forma que recollen nos dicionarios, se é que figura neles (*rugby*); do contrario, a grafía da lingua de orixe.

- As variantes ortográficas, os lapsus cáلامي e as creacións dos informantes

Con certa frecuencia atopamos nas listaxes algunhas formas encaixables na tipoloxía exposta na epígrafe. A seguir ofrecemos algúns exemplos:

¹⁷ Déuseme o caso de ter dous lemas diferenciados polo emprego de maiúscula: *ir ao Parque* e *ir ao parque*. Mantiven a maiúscula na primeira forma pola existencia duns xardíns públicos con ese nome no concello de Betanzos, moi frecuentados polos veciños do lugar.

- a) Variantes ortográficas da forma normativa ("a nube", "ao brile" ...).
- b) Formas con lapsus calami ("ahora cago", "choches de coche" ...).
- c) “Recreacións” dos informantes ("o bambintón", "pedrouros" ...).

En todos estes casos, o lema coincide coa forma estándar: *nube*, *brilé*, *Ahora Caigo**, *coches de choque*, *bádminton* e *pelouros*, respectivamente.

- As variantes galegas e as voces castelás

Non só podemos atopar variantes flexivas ou gráficas, senón que no noso territorio tamén son moi frecuentes as variantes froito da coexistencia do galego e o castelán, ademais das variantes internas de cada unha das linguas. Este feito reflíctese nas listaxes, onde encontramos:

- d) Variantes fónicas ou morfolóxicas que comparten a mesma raíz que a forma normativa ("brisca").
- e) Formas castelás cognadas doutras galegas de igual significado ("caminar", "dibujar" ...).
- f) Voces do castelán sen cognado galego ("perro", "peonza" ...).
- g) Voces que parecen ser o resultado dun intento de adaptación ao galego desde o castelán, normalmente froito dun baixo dominio do código galego ("a pixa" → a pilla).

A seguinte táboa¹⁸ mostra de maneira esquemática os criterios empregados para lematizar as variantes galegas fónicas e morfolóxicas e as voces procedentes do castelán. A continuación ofreceremos unha descrición un pouco máis detallada deste proceso.

¹⁸ Esta táboa está tirada do LDG. É unha reprodución exacta, por iso os exemplos pertencen aos resultados dese estudo e non do meu.

Táboa 4: Criterios de lematización das variantes galegas fónicas e morfolóxicas e das voces procedentes do castelán

Tipo de variantes	Exemplos de variantes	Criterio lematizador	Lemas correspondentes
VARIANTES FÓNICAS E MORFOLÓXICAS DE ORIXE GALEGA	<i>abilleiro</i> <i>silar</i> <i>choiva, chuvia</i>	Forma normativa do galego co mesmo significado, designación e raíz. No caso de haber varias formas normativas igualmente recomendables (por exemplo, <i>chovia</i> e <i>chuvia</i>), escóllese como lema a variante máis frecuente, ou única, nas listaxes de cada CI.	<i>abelleiro</i> <i>ensilar</i> <i>choiva</i> ou <i>chuvia</i> (a única ou a máis frecuente no CI)
FORMAS DO CASTELÁN (ADAPTADAS OU NON AO GALEGO) COGNADAS DE VOCES GALEGAS	<i>sombrero</i> <i>naranzo</i>	Forma normativa do galego cognada e co mesmo significado, designación e raíz.	<i>sombreiro</i> <i>laranxeira</i>
FORMAS DO CASTELÁN (ADAPTADAS OU NON AO GALEGO) SEN COGNADO GALEGO	<i>cerdo</i> <i>acha</i> ¹⁹ <i>abonar, aboar</i> ²⁰	Forma normativa do castelán ou forma adaptada. Escóllese como lema a forma máis frecuente, ou única, nas listaxes de cada CI	<i>cerdo</i> <i>hacha</i> <i>abonar, aboar</i> (a única ou a máis frecuente no CI)

3.3.3 A lematización das variantes galegas fónicas e morfolóxicas e das voces procedentes do castelán

As utilidades dun léxico dispoñible poden ser de distinto tipo, e en función delas levaranse a cabo diversas análises mediante as que o investigador se poderá centrar nos conceptos ou nas unidades léxicas que os vehiculen. Para os interesados nos conceptos resultará útil unificar as variantes galegas (fónicas e morfolóxicas) e as voces procedentes do castelán (*columpio/bambán*) xa que teñen o mesmo significado e designación ('aparello formado por un asento suspendido por cordas ou cadeas a certa altura do chan, que permite moverse a un lado e ao outro', *Diccionario da Real Academia Galega* —Real Academia Galega (2012)—. En cambio, para aqueles interesados nas unidades léxicas e/ou na súa dispoñibilidade non resultaría útil nin xustificable a unificación de formas como as do exemplo, xa que son claramente dúas unidades léxicas ben diferenciadas. Agora ben, dado que o traballo que estou a realizar leva por nome "léxico dispoñible" a primeira opción (unificación de conceptos) non parece axeitada, de tal modo que formas como *columpio* e *bambán* ou *computador* e

¹⁹ O contexto deixa ás claras que se trata da ferramenta.

²⁰ En ambos os casos co significado de 'fertilizar'.

ordenador serán lematizadas, como no LDE e no LDG, separadamente. En cambio, si parece máis lóxico unificar variantes gráficas do tipo *scate* e *skate*.

Nestes dous casos que acabo de comentar (*columpio/bambán* vs. *scate/skate*), a decisión entre unificar ou non é clara, pero noutras situacións non resulta tan doado nin evidente decantarse por unha opción ou pola outra. A nosa lingua recibe moitas interferencias do castelán e posúe un código normativo dende hai relativamente pouco, co que aínda non están familiarizados todos os usuarios. Isto provoca unha enorme variación nas respostas dos informantes, nas que atopamos dialectalismos, castelanismos, adaptacións ao galego de voces castelás, etc. Por iso foi necesario establecer uns criterios de lematización que comento a continuación.

- Variantes fónicas e morfolóxicas de orixe galega

As formas galegas procedentes dun mesmo étimo deben unificarse na lematización. Tratalas por separado suporía unha gran dispersión nas respostas e dificultaría a análise da dispoñibilidade conceptual. Sirva como exemplo "xogar ao baloncesto" e "xoghar ao baloncesto", no que a gheada dun dos informantes manifestada na resposta supón unha diferenza entre ambas as formas, pero que se lematizan conxuntamente baixo a forma estándar *xogar ao baloncesto*. Outro exemplo témolo en "birisca (cartas)" e "brisca", lematizados baixo *brisca*. Como se observa, o lema coincide coa variante estándar (con independencia de que este figure ou non nas respostas dos informantes).

- Voces do castelán cognadas de palabras galegas

É moi frecuente nas listaxes a convivencia de formas de orixe galega con outras cognadas de orixe castelá. Unha posible solución sería lematizar separadamente as de orixe galega ("debuxar") e os cognados procedentes do castelán ("dibujar"), pero suporía unha gran dificultade clasificar aquelas que se atopan a medio camiño entre as formas galegas e as formas castelás ("dibuxar"), que son relativamente frecuentes nas listaxes. Así é que, finalmente, no LDG decidiuse unificar todas estas formas baixo un mesmo lema que coincida coa palabra normativa galega, e este mesmo criterio foi o aplicado por min, de tal xeito que "balonman" e "balonmano" figuran lematizados conxuntamente baixo *balonmán*. Agora ben, no caso de que a voz do castelán teña unha acepción específica cuxa existencia en galego descoñeza, abstéñome de lematizar en galego: isto explica, por exemplo, que a palabra "cocodrilo", designadora dun xogo, figure lematizada baixo *cocodrilo* e non baixo *crocodilo*.

- Voces do castelán sen cognado galego

Tamén encontramos palabras do castelán que non teñen un cognado galego no código normativo. Neste caso, o lema coincide coa forma normativa castelá (*columpio* ou *desayunar* [para a variante "desallunar"]).

4. ANÁLISE DE RESULTADOS

Neste apartado analizo os datos obtidos nas enquisas. En primeiro lugar, fago un retrato do centro de interese, clasificando tematicamente as variantes que foron ofrecidas polos informantes e estudando o seu maior ou menor peso cuantitativo. A seguir, levo a cabo a análise das formas, estudando estas tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo. Céntrome neste último caso nos lemas con maior índice de dispoñibilidade. A análise inclúe un cotexo cos resultados obtidos no mesmo centro de interese no LDG.

4.1 Tipo de información recollida no CI 15 Os xogos e as distraccións

O centro de interese ‘Os xogos e as distraccións’ é moi complexo dende o punto de vista temático. Isto é así porque abrangue actividades, accións, instrumentos, compañía..., é dicir, elementos de moitos tipos, xa que o mundo do xogo e o ocio é moi amplo. Existe un número infinito de maneiras de divertirse ou distraerse no tempo libre, e isto reflíctese nas respostas dos meus informantes.

Para, dalgunha maneira, organizar tantos camiños como se abren cando un fala sobre xogos e distraccións e, ao mesmo tempo, ver que temas son máis frecuentes nos meus alumnos enquisados, fixen unha subdivisión en clases temáticas. Os subcampos nos que clasifiquei os lemas foron:

1. Xoguetes e xogos e/ou tipos de xogos²¹: neste grupo hai cabida tanto para os instrumentos cos que se xoga como para os xogos en si. Unifiquei os xoguetes cos xogos por razóns prácticas, xa que hai algunhas respostas que poderían presentar dificultade á hora de clasificalas nun ou noutro grupo. É o caso, por exemplo, de *xogo de coches*, que se podería entender como un xoguete que inclúe coches, ou como un xogo no que a peza base son os coches.

Outros lemas que pertencen a este subcampo poderían ser *cabaliño de madeira*, *escondite*, *corro da pataca*...

2. Informática, rede e novas tecnoloxías: con esta clase pretendín unificar aquelas actividades (e os instrumentos necesarios para desempeñalas) que teñen que ver co mundo tecnolóxico e cibernético. Deste xeito, pretendo unificar o mundo da telefonía, co dos videoxogos e tamén co da internet²². Por exemplo: *Wii**, *BlackBerry**, *falar polo Tuenti**...
3. Actividades deportivas: neste grupo inclúese todo o relacionado co deporte, ben dende unha perspectiva pasiva, ou ben, dende unha activa. Algún exemplo sería: *raqueta*, *ximnasia rítmica*, *xadrez*...

²¹ Non se teñen en conta xogos tecnolóxicos, como videoconsolas, videoxogos, etc. Estes serán considerados no grupo de informática, rede e novas tecnoloxías.


²² Posto que internet está mudando o xeito no que se establecen as relacións sociais, tamén aquí inclúo os lemas que fan referencia á comunicación entre individuos e colectivos vía “online”.

4. Actividades na rúa e ao aire libre: enténdanse dentro deste grupo todas aquelas accións que só se executan na rúa ou ao aire libre, e por suposto, tamén aqueles obxectos que están pensados para ser empregados nestes espazos. Non inclúo ningún xogo (do tipo de *escondite* ou *zapatíño inglés*), porque estes xa foron considerados en 1. Estaríamos ante unidades como *patinete*, *ir ao campo*, *xogar nos columpios*...
5. Cine e televisión: este caixón é bastante pechado no sentido de que só inclúe lemas que fagan referencia aos aparatos e aos programas e filmes que neles se poden ver. Por exemplo: *DVD*, *ver La que se avecina**, *debuxos animados*...
6. Artes escénicas e musicais: aquí incluíríanse as actividades (e o que se relacione con elas) que implican producir (ou gozar de) música, baile, teatro, etc. Como mostra podemos citar *baile galego*, *tocar o tambor*, *pallaso*...
7. Escola e tarefas: este grupo incluíría todo o relacionado coa escola e cos deberes e tarefas que os informantes teñen que facer. Exemplos disto serían: *facen os deberes*, *recoller*...
8. Manualidades: aquilo que se poida considerar como manualidade ten cabida neste grupo. Algún exemplo ilustrativo pode ser: *confeccionar*, *debuxar*, *colorear*...
9. Lectura: esta clase inclúe todo aquilo que estea relacionado co hábito da lectura. Por exemplo: *xornal*, *ler libros*, *mirar unha revista*...
10. Relación e comunicación: este subcampo abranguería as actividades (e aquilo que se relaciona con elas) mediante as que se establecen relacións sociais²³. Exemplos de lemas que se incluírían neste grupo poderían ser: *cotillear*, *ir á casa dun amigo*, *conversar*...
11. Animais: con este grupo refírome a calquera forma de pasar o tempo na compañía de animais e todo o que isto evoque. Por exemplo: *botar as cabras*, *acariciar o gato*, *caza de insectos*...
12. Motor: neste subcampo hai cabida para todo o que se atope dentro do mundo do motor, como *andar en moto*, *montar no tractor*, *tototerreo*...
13. Outro: este caixón garda aquilo que non é clasificable nos subtemas anteriores, como pode ser o caso de *aburrirse*, *musarañas*, *camiñar polas paredes*...

Esta clasificación en subcampos facilitoume a análise do léxico máis frecuente atendendo ás subclases temáticas. Así puiden explorar cales dos subgrupos citados anteriormente son os que conteñen maior número de variantes, e dentro deles, cales son as unidades máis frecuentes. O seguinte gráfico mostra as porcentaxes do número de variantes que se rexistran en cada subcampo:

²³ Deixando á marxe os recursos e instrumentos informáticos, incluídos en 2.

Gráfico 11: Distribución das variantes por subcampos



Tal e como vemos no gráfico, hai un subcampo que destaca por riba dos demais porque conta cun maior número de variantes. Trátase do dos xoguetes e xogos. Parece esperable que este grupo sexa o máis frecuente nas listaxes xa que o nome do CI leva precisamente a voz “xogo”; de xeito que parece lóxico que unha boa parte das respostas dos informantes se encadren aquí (son o 28%). Ademais, non debemos esquecer que estamos a tratar con nenos, en idade aínda de entreterse no seu tempo libre xogando. Dentro deste grupo, hai unha serie de voces que destacan por ter unha maior frecuencia, como son parchís (con 36 ocorrencias), *(xogo da) (pilla) pilla* e *xogos de mesa* (con 35), *brilé* (con 28), ou *Monopoly** (con 27).

As dúas seguintes clases con maior número de variantes son a de informática, rede e tecnoloxías, con 399 voces (16%); e a de deporte, con 386 (15%). Son grupos tamén bastante relacionados cos xogos, sobre todo o de deporte; a pesar de que no primeiro incluimos unidades que tamén se refiren aos xogos aínda que en soportes tecnolóxicos; de feito, as variantes que aparecen máis veces son *videoxogo* (77 veces), *(video)consola* (76) e *ordenador* (57). No caso dos deportes, as máis recorrentes son: *fútbol* (con 65 variantes) e *baloncesto* (con 37).

A continuación, vemos que se produce un descenso ata a frecuencia de 208 voces que rexistra a clase de actividades na rúa e ao aire libre. Esta caracterízase por posuír unha variedade de lemas bastante ampla, pero que a penas se repiten entre os informantes, polo que son de frecuencia baixa. Pese a isto, podemos dicir que as actividades relacionadas co ciclismo son as máis recorrentes dentro deste grupo.

Os grupos de cine e televisión, artes escénicas e musicais, e escola e tarefas, oscilan xa entre as 170 e 120 variantes; é dicir, tan só pertencen a eles o 7%, 6% e 5%, respectivamente, das formas rexistradas. Por un lado, os nenos adoitan ser grandes consumidores de produtos televisivos, xa que pasan moitas horas diante do televisor. Así, atopamos unidades bastante frecuentes como *ver a tele(visión)* (61 variantes) ou simplemente *tele(visión)* (46). Con todo o grupo temático só se sitúa no 5º posto de

frecuencia. En canto á escola e tarefas, xa non parece ser un bloque temático que induza ao xogo; en cambio, si que pode incluír actividades de distracción, de aí que aparezan con relativa frecuencia tarefas como *estudar, escribir* ou *facer os deberes*.

Xa cara ao final, están os subcampos con menos variantes, que serían o de manualidades, lectura, relación e comunicación, animais e motor; se cadra demasiado afastados do mundo dos xogos como para ter máis voces.

Por último, o grupo onde se incluírían as voces que non foron encadrables dentro de ningún dos anteriores e onde non se poden constituír grupos homoxéneos con certa entidade ten bastantes variantes (120), o que dá mostra da gran variabilidade temática das respostas dos informantes.

A modo de conclusión, poderíase dicir que é máis frecuente o léxico relacionado cos xogos que o que evoca a actividades de distracción, de entre as cales destaca a televisión.

4.2. Análise cuantitativa

Darei conta neste apartado da media de respostas por informante e do total de respostas ofrecidas, tanto globalmente como tendo en conta diferentes variables de estratificación social. A pesar de que tentarei extraer algunhas conclusións a partir dos datos ofrecidos, estes deben tomarse con cautela na medida en que a mostra é pequena e, daquela, non necesariamente representativa.

4.2.1 Datos xerais

Como é ben sabido, eu traballei cun só centro de interese referido a xogos e distraccións, polo que todas as palabras son resposta a este ítem temático. A cifra que indica o total de voces que manexei é de 2519, palabras estas que foron achegadas, como se sabe, por 191 informantes; o que supón unha media de 13,19 vocábulos por enquisado. Estas variantes repártense entre 597 lemas, de tal xeito a media de variantes asociadas a cada lema é de 4,21.

Para que esta cifra (a da media de respostas por informante) non quedara nun simple dato, compareina coa media no mesmo CI do LDG²⁴. A información que obtiven tras comparar as dúas cifras indica que a miña media de respostas é inferior á do LDG, a cal se sitúa nas 16,30 voces por informante, o cal supón unha diferenza de máis de tres palabras por estudante. Se cadra exerceu bastante influencia nesta considerable diferenza o factor idade, xa que os meus alumnos tan só tiñan 11 anos, e os outros estaban próximos á maioría de idade.


²⁴ Os cotexos entre o LDG e a miña mostra deben facerse sempre en termos relativos, nunca en valores absolutos, posto que o número de informantes nun e noutro caso é moi diferente.

4.2.2 A media de respostas segundo variables sociais

Nalgúns casos, a media de respostas por informante varía atendendo a unha variable social. Vexamos algúns casos:

- Promedio segundo o sexo: respecto ao promedio de respostas achegadas por cada alumno atendendo á variable social do sexo, é moi interesante o feito de que as mulleres teñen unha maior media que os homes, tal e como mostra o seguinte gráfico.


Gráfico 12: Media de respostas segundo o sexo



Así, o sexo talvez podería ser considerada unha variable determinante en relación ao número de respostas. A particularidade de que as mulleres teñan unha media superior á dos homes tamén se deixa ver no LDG, onde as alumnas, cunha media de 16,62 palabras, superan aos alumnos, os cales se sitúan nas 15,94 achegas. No entanto, neste caso a diferenza é menor ca que atopamos na nosa mostra.

- Promedio segundo o nivel sociocultural: tal e como ocorre coa variable anterior, o nivel sociocultural que posúe cada informante tamén inflúe na media de palabras. No LDG os resultados mostraban que os alumnos que tiñan un nivel alto, tendían a proporcionar máis palabras que os que pertencían a un nivel baixo. Na miña mostra, os resultados non son así. Os de nivel medio mostráronse os máis produtivos cunha media de 13,49 palabras por informante. En cambio, os de nivel alto e baixo demostraron un rendemento menor, situándose nos 12,06 e 12,42, respectivamente. O seguinte gráfico mostra a media segundo esta variable nun traballo e no outro.


Gráfico 13: Media de respostas segundo o NSC



Aquí podemos ver graficamente como a liña azul mostra o descenso que se produce na media de respostas por informante a medida que tamén vai descendendo o nivel sociocultural. En cambio, a liña vermella mostra os resultados imprevisibles da miña mostra, onde o pico máis alto se rexistra naqueles alumnos cun nivel sociocultural medio. Para interpretar estes datos, debe terse en conta que o número de informantes pertencentes ao NSC alto na miña mostra é moi reducido, o cal cuestiona a súa representatividade²⁵.

- Promedio segundo a lingua habitual: No caso desta variable social, as diferenzas de media que se poden producir entre os diferentes grupos son pequenas, é cuestión de décimas. Tanto os falantes monolingües en galego e castelán coma os bilingües están na media das 13 respostas; pero agora ben, estes últimos sitúanse por riba dos outros ao acadar as 13,97 palabras por informante, mentres que os galegofalantes quedan nas 13,10 e os castelanfalantes nas 13,03 (véxase o gráfico 13). A situación no LDG é a mesma, onde as diferenzas tamén son de décimas, e os informantes bilingües se sitúan nunha media superior á dos monolingües en galego e castelán.

Gráfico 14: Media de respostas segundo a lingua habitual



²⁵ Canto máis reducida é unha mostra, máis se reflicte nos resultados a idiosincrasia dos informantes que a constitúen.

- Promedio segundo a poboación na que se atopa o centro educativo: a última variable analizada foi a que responde ao tipo de poboación na que se asenta o centro educativo. As respostas froito de análise din que os nenos que ofrecen maior número de respostas son os matriculados nun centro rural, con 14,37 palabras de media. Os nenos escolarizados nunha vila parecen ser os que teñen un rendemento máis baixo, cun 12,99 de media. Aqueles alumnos que pertencen a un centro periurbano situaríanse entre ambos con 13,31 respostas de media. En calquera caso, as diferenzas entre uns e outros resultados son escasas.

Esta información dista do que indican os datos do LDG, onde os informantes con maior rendemento se localizan nos centros periurbanos e os de menor nos rurais.

4.3 Análise cualitativa

A esta análise correspóndelle dar conta daquelas palabras máis dispoñibles nas listaxes de respostas dos meus informantes. Ofrecerei en primeiro lugar os datos globais e a seguir analizaréi os resultados de acordo con algunhas das variables de estratificación social consideradas na mostra.

Antes de levar a cabo a análise, cómpre sinalar que o índice de dispoñibilidade léxica se calcula a partir dunha fórmula matemática ideada por López Chávez / Strassburger Frías (1991). Esta fórmula ten en conta non só a frecuencia das palabras nas listaxes, senón tamén o lugar que ocupan nas mesmas, posto que se considera que as voces que figuran nos primeiros postos das enquisas son as máis dispoñibles na mente dos falantes á hora de falar sobre un tema en concreto, neste caso sobre os xogos e as distraccións.

4.3.1 Datos xerais

A seguinte listaxe mostra as 20 palabras máis dispoñibles sobre este tema no lexicón dos meus informantes:

Táboa 5: Lemas máis dispoñibles na miña mostra

Lema	Dispoñibilidade	Aparición	Frecuencia absoluta
videoxogo	0,32844	40,314%	77
(video)consola	0,31563	39,791%	76
fútbol	0,23054	34,031%	65
ordenador	0,21189	29,843%	57
ver a tele(visión)	0,20414	31,937%	61
ler	0,19221	31,937%	61
tele(visión)	0,17414	24,084%	46
parchís	0,12498	18,848%	36
bici(cleta)	0,12032	14,66%	28
baloncesto	0,11102	19,372%	37
(xogo da) (pilla) pilla	0,10776	18,325%	35

Lema	Dispoñibilidade	Aparición	Frecuencia absoluta
xogo de mesa	0,1064	18,325%	35
correr	0,10509	16,754%	32
nadar	0,10131	15,183%	29
brilé	0,10069	14,66%	28
bailar	0,09917	18,848%	36
estudar	0,09899	18,848%	36
Monopoly*	0,09725	14,136%	27
escondite	0,09167	15,183%	29
debuxar	0,09063	17,277%	33

A primeira columna desta táboa mostra a unidade léxica, a segunda o índice de dispoñibilidade de tal unidade, e a terceira e cuarta indican a porcentaxe de aparición e o índice de frecuencia absoluta, respectivamente.

Os lemas que encabezan a listaxe son termos tecnolóxicos que fan referencia a realidades tales como os videoxogos, o ordenador e a televisión. Só o fútbol é quen de intercalarse entre este tipo de termos. Porén non é o único deporte cun índice de dispoñibilidade alto, o baloncesto tamén aparece, aínda que situado xa no posto 10. O resto de voces teñen que ver con actividades e xogos que se desenvolven normalmente ao aire libre, como *bici(cleta)*, *(xogo da) (pilla) pilla*, *escondite* ou *correr*. Tamén hai palabras que fan referencia a actividades máis típicas de lugares pechados, como *xogo de mesa*, *estudar* ou *Monopoly**.

Considero relevante destacar os índices de dispoñibilidade e da frecuencia absoluta dos dous primeiros vocábulos, porque son lixeiramente máis altos que os do resto. *Videoxogo* e *(video)consola* son as únicas palabras que superan o índice de dispoñibilidade de 0,30 e respecto á frecuencia absoluta, son os únicos que superan os 70 resultados, as seguintes xa descenden ata o 0,20, e de aquí para abaixo, aínda que o descenso é máis progresivo e non tan brusco como acontece na cabeceira da listaxe.

Gustaríame comparar a táboa dos meus resultados coa do LDG:

Táboa 6: Lemas máis dispoñibles no LDG

Lema	Dispoñibilidade	Aparición	Frecuencia absoluta
fútbol	0,41409	51,25	410
parchís	0,35726	45,625	365
escondite	0,28706	40,375	323
(xogo de) cartas	0,26745	35,5	284
baloncesto	0,25802	34,5	276
ordenador	0,2475	33,25	266
xadrez	0,23886	32,75	262
tele(visión)	0,22113	30,25	242
(video)consola	0,20871	26,125	209
petanca	0,19036	24,25	194

Lema	Dispoñibilidade	Aparición	Frecuencia absoluta
(xogo da) oca	0,15032	21,75	174
videoxogo	0,14623	20	160
(xogo da) (pilla) pilla	0,12818	18,375	147
tenis	0,12398	17,75	142
ler	0,11566	17	136
damas	0,11486	17,75	142
tute	0,11424	16,375	131
música	0,11172	16,875	135
cine(ma)	0,1099	15,75	126
brisca	0,09652	14,25	114

A comparación entre as dúas táboas permítenos coñecer as diferenzas entre o léxico máis dispoñible entre os alumnos de 6º de primaria e entre os alumnos de 2º de bacharelato neste CI.

A principal diferenza reside nas palabras que encabezan ambas as listaxes. A que mostra os resultados dos meus informantes líderana *videoxogo*, *(video)consola* e *fútbol*. Esta última coincide coa que encabeza a listaxe do LDG, pero *videoxogo* e *(video)consola* non os atopamos nesta última ata os postos 12 e 9, respectivamente. Parece que o léxico que está máis dispoñible nos meus informantes está máis relacionado coa tecnoloxía do que o está o dos alumnos preuniversitarios, os cales teñen máis dispoñible vocabulario relacionado cos xogos tradicionais, como *parchís*, *escondite* e *cartas*, que son as palabras que ocupan os primeiros postos na súa listaxe. De xeito xeral, as 10 primeiras palabras que se recollen na miña táboa, aparecen entre as 20 primeiras no LDG (salvo *ver a tele(visión)* e *bici(cleta)*) só que non no mesmo lugar; en cambio as 10 primeiras unidades máis dispoñibles nos alumnos de bacharelato non necesariamente están entre as 20 máis dispoñibles dos de 6º de primaria (*petanca* e *xadrez*, por exemplo).

Así pois, o léxico máis dispoñible para os alumnos de primaria e de bacharelato, na súa maior parte coincide, pero non co mesmo nivel de dispoñibilidade. Polo xeral, a listaxe dos meus informantes fai referencia a máis actividades e elementos tecnolóxicos que a do LDG, que é máis tradicional. A única unidade léxica que comparte unha alta dispoñibilidade en ambos os vocabularios é *fútbol*, que ocupa o 3º posto nos nenos e o 1º nos preuniversitarios.

4.3.2 A dispoñibilidade léxica segundo as variables sociais

Tal e como fixen na análise cuantitativa, gustaríame contrastar en que medida varía o léxico dispoñible dos meus informantes atendendo ás variables sociais que lles afectan. Ofrecerei os resultados daquelas variables que considero que poden ser máis interesantes. Vexamos pois que nos mostra esta análise:

- Léxico dispoñible segundo o sexo dos informantes: na análise cuantitativa vimos que o sexo podía ser un factor incidente na media de respostas por informante, e os resultados dicíannos que as mulleres achegan máis palabras que

os homes. Pois ben, vexamos agora se esta variable tamén implica unha diferenza cualitativa entre o léxico dispoñible para alumnos e para alumnas.

Reparando nas 10 primeiras palabras máis dispoñibles nos homes obsérvase que coinciden coas da listaxe xeral, salvo os postos 9 e 10 que son substituídos por *nadar* e *Monopoly**. No caso das rapazas, o vocabulario cambia lixeiramente. O certo é que a listaxe delas tamén está encabezada por *videoxogo* e *(video)consola*; porén as 8 palabras restantes mudan lixeiramente respecto ás dos rapaces. As delas inclínanse máis pola lectura, o baile e xogos como o *brilé*. A seguinte táboa contrasta ambas as listaxes.

Táboa 7: Léxico dispoñible de acordo co sexo

	HOMES	MULLERES
1	<i>videoxogo</i>	<i>videoxogo</i>
2	<i>(video)consola</i>	<i>(video)consola</i>
3	<i>fútbol</i>	<i>ler</i>
4	<i>ordenador</i>	<i>ver a tele(visión)</i>
5	<i>ver a tele(visión)</i>	<i>ordenador</i>
6	<i>tele(visión)</i>	<i>tele(visión)</i>
7	<i>ler</i>	<i>fútbol</i>
8	<i>parchís</i>	<i>bici(cleta)</i>
9	<i>nadar</i>	<i>brilé</i>
10	<i>Monopoly</i> *	<i>bailar</i>

Nestas 10 primeiras palabras non hai diferenzas moi grandes, están presentes practicamente todas as unidades en ambas as listaxes, salvo as que se atopan en 8º, 9º e 10º lugar, tanto en homes coma en mulleres.

En oposición, os resultados do LDG, tendo en conta a variable do sexo, son máis equilibradas. As listaxes de alumnos e alumnas (tamén reparando só nas 10 palabras con maior índice de dispoñibilidade) conteñen as mesmas unidades léxicas aínda que en distinta orde, unicamente difiren en que no vocabulario dos homes hai cabida para a *(video)consola* mentres que no de mulleres haina para o *(xogo da) oca*; polo demais as palabras son compartidas por un e por outro grupo.

- Léxico dispoñible segundo o NSC dos informantes: outra variable que pode influír no léxico que os nenos enquisados teñen máis dispoñible pode ser o seu nivel sociocultural. Vendo os resultados que mostra a táboa 8, poderíase afirmar que a diferenza máis grande está entre o nivel alto e medio fronte ao nivel baixo. Este último inclúe máis unidades que fan referencia a xogos populares, como *parchís*, *(xogo da) (pilla) pilla* ou *escondite*. Por outro lado, chama a atención que nos informantes de nivel alto non está presente entre as palabras con maior índice de dispoñibilidade este tipo de vocabulario, pero si o están palabras como

estudar ou *ler*, mellor consideradas socialmente e relacionadas coa intelectualidade.

